

## IES ARCEBISPO XELMÍREZ I

O pasado venres, 10 de novembro de 2023 no IES Arcebispo Xelmírez I de Santiago de Compostela decidiuse o fallo da 11ª edición do Certame de Banda Deseñada AX1, cuxo xurado estaba constituído polas persoas que a seguir se citan:

- Dna. Natalia Val Guerreiro, profesora de debuxo do IES A. Xelmírez I,
- D. Tristán Ron Ferreirós, licenciado en Belas Artes na Universitat Politècnica de València, membro do Colectivo Cúpula e do Club de Cómic da Facultade de Belas Artes. Tristán traballou en diversos proxectos de deseño e ilustración para a Xunta de Galicia, o Centro Dramático Nacional, a compañía Chévere, Promove Consultoría ou Nauta Teatro. Tamén ilustrou os libros Encontros co Salvaxe de Juanpe Blanco e O País dos Raposos, de Adrián Noia.

Tamén realizou o Máster en Motion Graphics na escola BAU, e o Curso de Iniciación á Animación 2D na escola de cinema ECIB. Vive e traballa en Barcelona grazas ás Bolsas de Estudos Artísticos da Deputación da Coruña.

O ano pasado publicou o seu primeiro cómic: O Navegante.

- D. Adrián Noia, exalumno de este instituto, licenciado en Filoloxía na USC e escritor. Adrián é autor da novela O país dos raposos, galardoada co segundo premio nos Premios Xuventude Crea 2021 de novela curta.
- D. Armando Requeixo Cuba, ensaísta e tradutor, membro da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, a Asociación Española de Críticos Literarios e o Centro PEN Galicia, en representación da Secretaría Xeral de Política lingüística.

Exerce de secretaria Dna. Sagrario Torrado, profesora do centro e coordinadora do EDL, con voz e sen voto.

Tras as pertinentes deliberacións, o xurado decide o seguinte:

- **Categoría de 12 a 15 anos:**

1. Deixar deserto o segundo premio de esta categoría.

2. Conceder o primeiro premio, dotado con 500 €, a **A deidade. O demo fala galego**. O argumento da obra, obtido dunha narrativa común a moitas obras universais (literarias e audiovisuais), presenta unha notable orixinalidade, sobre todo se temos en conta a idade da categoría. Son tamén destacábeis o misterio que envolve as “ruínas antiquísimas dalgunha civilización perdida” e a caracterización do monstro que absorbe a Xoán, a parella da protagonista. A pesar da brevidade da escena en que o monstro e a rapaza se encontran, cómpre salientar o dramatismo do momento non só no nivel argumentativo, senón tamén no nivel do deseño (a aparición do monstro, a dupla perspectiva da páxina 7 onde o monstro –con cara de satisfacción– está a piques de cortar o pescozo da rapaza, o uso da cor vermella co sangue, o lume secundario mais sempre presente, a fascinación polo misterio inquietante das dúas últimas páxinas con ese final aberto).

Aberta a plica, o nome do gañador é **Xoel Duro Gigirey**, alumno do IES Arcebispo Xelmírez II de Santiago de Compostela.

- **Categoría de 16 anos en diante:**

1. Deixar deserto o segundo premio da categoría
2. Outorgar o primeiro premio de esta categoría, dotado con 500 €, a **A beleza entre as cinzas**.

O deseño é excepcional, orixinal e coidado, polo que debe salientarse a profesionalidade do autor ou autora. É extraordinaria a presentación do viñetado, a superposición das imaxes para aparentar o avance da historia, o uso das cores secundarias (neste caso, violeta e amarelo alaranxado, que invaden toda a banda deseñada e logran dar dimensión e maior espazo aos deseños construídos), o coidado de cada unha das páxinas, xa que todas elas posúen un nivel avanzado de detalles, o uso maxistral dos globos como sinónimos de movemento, que nunha escena aparentemente estática, conseguen provocar no lector a sensación de que o personaxe está a moverse coa axuda do robot grazas á posición dos seus propios parlamentos. Con respecto á narrativa, o argumento da obra non é directamente complexo, mais posúe un fondo político-social salientábel, dado que nos transporta até unha distopía en que os humanos desapareceron da Terra por mor da intervención das Intelixencias Artificiais. O feito de que o autor ou autora se inspire nun tema de actualidade e o traslade até o futuro, con consecuencias terríbeis para as persoas, é orixinal e destacábel, porque evidencia un sentimento de preocupación

que o artista canaliza nunha forma de arte, como acostuman facer os autores profesionais de calquera disciplina.

Aberta a plica, o nome do autor é **Chano Duro Gigirey**, alumno do IES de Sar, en Santiago de Compostela.

Asinan esta acta de resolución da XI edición do Certame de Banda Deseñada AX1

|  |                         |             |
|--|-------------------------|-------------|
| Natalia Val Guerreiro                                | Tristán Ron Ferreirós   | Adrián Noia |
| Armando Requeixo Cuba                                | Sagrario Torrado Blanco |             |
| En Santiago de Compostela, a 10 de novembro de 2023. |                         |             |